

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1027/2022, do 19 de xullo, resolveuse o proceso selectivo para a cobertura en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de responsable da Unidade de vías e obras do Concello de Fene (OEP 2018). O texto íntegro da dita resolución se cita deseguido:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE RESPONSABLE DE UNIDADE DE VÍAS E OBRAS, INCLUIDA NA OEP DO ANO 2018.

EXPEDIENTE: 2021/E001/000020; 2022/G003/001056

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1355/2021 do 12.11.2021, publicada no BOP núm. 219 de data 17.11.2021, convocouse o proceso selectivo para a cobertura en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de responsable de Unidade de Vías e Obras, clasificada como grupo: C, subgrupo: C2, escala: administración especial, subescala: servizos especiais, clase: persoal de oficios. O anuncio da convocatoria foi publicado no DOG núm. 227 de data 25.11.2021 e no BOE núm. 288 de data 02.12.2021.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 32/2022 de data 10.01.2022 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgando dez días hábiles para emendas. A dita Resolución foi publicada o 17.01.2022 no BOP núm. 10, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

Mediante Resolución da alcaldía núm. 686/2022, de data 18.05.2022, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e asemade, designouse ao tribunal que xulgará o proceso.

Vistas as actas do tribunal de selección: de data 08.06.2022 de valoración de méritos e requirimento de documentación a un candidato; de data 20.06.2022 de valoración definitiva de méritos da fase de concurso e convocatoria á realización dos dous primeiros exercicios da fase de oposición; de data 30.06.2022 de realización do primeiro exercicio; de data 08.07.2022 de realización do segundo exercicio e convocatoria para o terceiro; e de data 13.07.2022 de realización do terceiro exercicio, declarando deserto o proceso ao non superar a fase de oposición ningún dos dous candidatos, Víctor Manuel Pico Feal por non presentado ao primeiro exercicio e Juan Miguel Martín Pérez por non superar o terceiro exercicio. Cada un dos acordos do tribunal foi publicado no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Fene segundo esixe a base terceira das bases de selección.

Vista a resolución da alcaldía núm. 970/2022 de data 08.07.2022 pola que se desestima o recurso de alzada de Víctor Manuel Pico Feal presentado en data 07.07.2022, previo informe xurídico núm. 93/2022 da TAX e secretaria accidental Lara Otero Díaz, por entender axustado a dereito telo por non presentado ao chegar 17 minutos tarde a unha proba de 30 minutos.

Tendo en conta o anterior e de conformidade coa base décima das bases de selección, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso de selección para a cobertura en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de responsable de Unidade de Vías e Obras, clasificada como grupo: C, subgrupo: C2, escala: administración especial, subescala: servizos especiais, clase: persoal de oficios.

SEGUNDO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ao abeiro do artigo 123.1 da Lei 39/2015. A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO

G-0
096
150
P-
F-
T-0



CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao departamentos de Persoal, así como á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa, para coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no DOG, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de acordo coa base terceira das bases de selección.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 21.07.2022 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-G
096
150
P-
F:
C.I.